

# PLAN DE LECTURA



CEIP PLURILINGÜE A  
GÁNDARA

2024

## **ÍNDICE**

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	4
3. XUSTIFICACIÓN DO PLAN.....	6
4. OBXECTIVOS E INDICADORES DE LOGRO.....	7
5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN, E NO SEU CASO, DE DIFUSIÓN.....	11

# 1. INTRODUCCIÓN

Para a elaboración deste Plan de Lectura do CEIP Plurilingüe A Gándara teremos en conta a lexislación actual, Decreto 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidade Autónoma de Galicia, que nos sinala o que segue:

- 1. Os centros docentes deberán incluir dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento de la lectura, da escritura e das habilidades no uso, o tratamento e a produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.*
- 2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluir dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.*

O equipo de docentes do centro somos conscientes de que a lectura é unha das operacións más complexas e esixentes para a mente humana, tanto desde o punto de vista da psicoloxía como desde a neuroloxía, pois sébese que a lectura pon en xogo un conxunto moi potente de ferramentas da nosa mente. Ler non é soamente coñecer as letras e unilas senón que vai moito máis aló. Ler é comprender, ese ten que ser o obxectivo xeral e a meta final do proceso lector porque ademais é algo imprescindible para a adquisición da competencia lingüística así como doutros moitos coñecementos.

Por todo isto, desde a Biblioteca Escolar do centro programaranse actividades de dinamización que impliquen á maioría da comunidade educativa así como a outros sectores da contorna, como a biblioteca pública, o CEE Infanta Elena, o CEIP Plurilingüe e outros cos que poidan xurdir actividades ao longo do curso co obxectivo de implicar, na medida do posible, a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector e gusto pola lectura do alumnado.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso centro atópase situado nunha zona de interior da provincia de Lugo. Acolle a alumnado da propia localidade, procedente da zona urbana, pero tamén de distintas aldeas e parroquias. Nos últimos anos tamén chegou e está chegando alumnado de distintas nacionalidades e culturas como Sudamérica, Rumanía, Marrocos ou China. Tamén contamos con alumnado de etnia xitana.

O centro ten unha única línea para impartir as ensinanzas do 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

O nivel económico e socio - cultural das familias é moi diverso: desde un nivel moi baixo a outras con bastante poder adquisitivo e un bo nivel socio- cultural o que permite, por un lado, mellorar os niveis de aprendizaxe e, por outro, tratar de minimizar esa desigualde para que todo o alumnado teña as mesmas oportunidades para achegarse á lectura e escritura e así poder mellorar a súa situación.

Predomina a lingua castelá en todos os niveis educativos. A pesar de que se fan diversas actividades de dinamización da lingua galega e de impartir as materias que corresponde nesta lingua, o alumnado, en xeral, é bastante reticente á hora do emprego da mesma.

O nivel de participación das familias nas actividades do centro varía moito: hai familias moi participativas pero tamén hai outras que non se involucran praticamente en nada. As relacións, a nivel xeral, son cordiais e o ambiente agradable.

Este concello ao que pertencemos é moi activo culturalmente, existen bastantes actividades e propostas relacionadas coa lectura xestionadas a través tanto do propio Concello como por parte de asociacións como “Lemos Le”, na que estamos integrados, e mesmo por algunas das librerías da localidade. Ademais, contamos cunha Biblioteca Municipal e a Casa da Cultura

De seguido, presentamos o diagnóstico da situación do noso centro educativo, realizado mediante unha análise DAFO, no que indicamos as debilidades que deben minimizarse, as fortalezas que se deben potenciar, e as ameazas e oportunidades que se deben aproveitar ou eliminar.

<b>DEBILIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
Falta de recursos dixitais para poder proxectar así como inexistencia de megafonía.	Dificultades para poder desenvolver actividades como proxeccións, visitas de escritores, realización de certos obradoiros.
Necesidade de potenciar e afianzar os prerrequisitos lectores: conciencia fonolóxica, vocabulario, ...	Falta de implicación das familias nos hábitos lectores das súas fillas e fillos.
Necesidade de mellorar a competencia lingüística de todo o noso alumnado en todas as áreas.	Peores resultados nas avaliacións internas así como nas avaliacións externas.
Falta de dotación de medios informáticos para fomentar a lectura en plataformas dixitais dentro e fóra da aula.	Aumento da fenda dixital.
Falta de horario do equipo de biblioteca; especialmente.	Horario de servizo limitado ao horario lectivo.
Recursos sen catalogar.	Limitación de recursos prestables.
<b>FORTALEZAS</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>
Boa situación da Biblioteca no centro e ademais é un espazo axeitado para a realización de actividades grupais.	Implicación e compromiso do equipo directivo para facer investimento na Biblioteca.
Reforzos de lectoescritura en todos os ciclos, con maior incidencia no 1º ciclo de Primaria.	Equipo docente comprometido coa mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.
Implicación de todo o profesorado na animación á lectura.	Boa disposición do profesorado para recibir formación específica.
Existencia de bibliotecas de aula e fomento do interese poa lectura a través das mesmas. Boa dotación de libros adaptados a todas as idades dentro da nosa Biblioteca do centro.	Existencia da Biblioteca Municipal.
Equipo de biblioteca con moi boa disposición de traballo e con boas ideas.	Equipo docente comprometido coa mellora da actual situación do centro respecto da competencia lingüística.
Participación no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.	Incrementar recursos e servizos ofertados pola Biblioteca.

### **3. XUSTIFICACIÓN DO PLAN**

Desde o centro consideramos que a base do coñecemento pasa por unha boa comprensión e expresión da linguaxe tanto oral como escrita. Partindo disto, o noso Plan de Lectura, pretende fomentar todas estas habilidades no noso alumnado para desenvolver así as competencias básicas.

No fondo, o verdadeiro sentido deste Plan de Lectura é acadar o salto de “saber ler” cara “querer ler”. Para que isto se produza é fundamental integrar a toda a comunidade educativa.

Todas as medidas que se programen e propoñan deben ir encamiñadas a este obxectivo e temos que ter claros unha serie de principios:

**Animar a ler non é:**

- Unha actividade illada e concebida só para entreterer.
- Un traballo sobre os libros.
- Unha tarefa de control de lectura.

**Animar a ler é:**

- Un programa continúo de accións e propostas interesantes que acheguen ao alumnado aos libros. Non hai que esquecer a escritura posto que sempre vai ligada coa lectura.

Ademais, tamén debemos ter en conta:

- O fomento da lectura é responsabilidade do profesorado e das familias.
- Débese fomentar a lectura durante as horas lectivas, de maneira individual e grupal, a través de distintos tipos de textos e en distintos formatos.
- A lectura é a ferramenta indispensable para a aprendizaxe de todas as materias.
- A lectura, a escritura e a expresión oral teñen que ir unidas.
- A Biblioteca do centro será o principal recurso no desenvolvemento dos distintos proxectos e actividades de lectura.

## 4. OBXECTIVOS

### XERAIS:

OBXECTIVOS
Desenvolver a habilidade para comprender, reflexionar e interactuar cos diferentes textos con fin de producir, elaborar ou xestionar respostas.
Desenvolver a creatividade, imaxinación e capacidade de lectura autónoma.
Desenvolver unha linguaxe rica e precisa e que aprendan a utilizala en diferentes contextos.
Compensar as posibles desigualdades que existan no noso alumnado paliando as posibles dificultades no proceso de comprensión lectora.
Proporcionar apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Motivar ao alumnado cara á lectura polo mero pracer ou porque a recoñezan como un medio primordial de aprendizaxe.
Integrar na práctica docente o uso da biblioteca escolar.
Recoñecer e rexistrar as posibles dificultades que xurdan no eido da lectura.
Desenvolver hábitos de lectura diarios (non inferior a trinta minutos), traballándose en todas as áreas do currículo.

**ESPECÍFICOS:****EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>INDICADORES</b>
Achegar e iniciar ao alumnado na aprendizaxe da lectoescritura.	Lectura de contos, traballos con palabras escritas, coñecemento das distintas letras.
Inculcar a importancia de coidar os libros.	Traballos coidadosos con calquera libro xa sexa da Biblioteca ou da biblioteca de aula.
Coñecer a Biblioteca.	Asistir semanalmente á Biblioteca.
Motivar ás familias acerca da importancia da lectura.	Involucrar ás familias en actividades relacionadas coa lectura como que veñan ao colexio a lerelles un conto. Mochilas viaxeiras.

**EDUCACIÓN PRIMARIA: PRIMEIRO CICLO**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>INDICADORES</b>
Acadar o dominio da lecto-escritura.	Lecturas curtas de diferentes temas e distintos tipos de texto. Hora de ler.
Identificar título e autor dun libro.	Xogos de búqueda de libros por autor e por título.
Buscar un dato concreto nun pequeno texto.	Lecturas curtas con preguntas cortas de comprensión.
Recibir formación de usuarios da Biblioteca.	Actividade de formación de usuarios.
Coller libros en préstamo da Biblioteca.	Asistencia á Biblioteca na hora semanal.

Coñecer as normas básicas de comportamento na Biblioteca do centro.	Asistencia á Biblioteca na hora semanal e noutros momentos.
Implicar ás familias na importancia da lecto-escritura.	Mochilas viaxeiras.

## EDUCACIÓN PRIMARIA: SEGUNDO CICLO

OBXECTIVOS	INDICADORES
Coidar os libros, devolver os libros ao seu lugar e manter a bilbioteca en orden.	Saber colocar na Biblioteca os distintos materiais na súa sección
Fomentar o gusto pola lectura.	Participación no Club de Lectura.
Potenciar o hábito lector.	Hora de ler.
Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita e como estímulo do espírito crítico para contribuír ao crecemento persoal do alumnado.	Lecturas de distintos tipos textos nas distintas materias. Contacontos.
Traballar a lectura comprensiva convxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.	Expresións escritas: cartas, poesías, contos... Exposicións orais de traballos realizados.
Ler oralmente con entoación, ritmo, pausa e expresividade.	Lecturas en alto. Dramatizacións.
Respectar as normas básicas de	Asistencia á Biblioteca do centro na hora semanal e noutros momentos.

comportamento na Biblioteca do centro.	
Implicitar ás familias na importancia da comprensión lectora.	Lecturas de libros das recomendacións lectoras así como de libros da propia Biblioteca en familia.

### EDUCACIÓN PRIMARIA: TERCEIRO CICLO

OBXECTIVOS	INDICADORES
Localizar os libros na biblioteca seguindo a CDU.	Actividades de clasificación de libros na CDU.
Desenvolver capacidades que lles permitan aos alumnos lograr unha lectura fluída e comprensiva de acordo coa súa idade.	Lectura de diferentes tipos de textos nas distintas materias e participación en actividades de lecturas aos máis pequenos.
Estimular producións escritas que sexan resultado dunha lectura agradable e divertida.	Obradoiros de escritura.
Realizar distintas actividades de animación lectora.	Club de lectura, participación en concursos.
Respectar as normas básicas de comportamento na Biblioteca do centro.	Asistencia á Biblioteca do centro na hora semanal e noutros momentos.
Implicitar ás familias na importancia da comprensión lectora.	Lecturas de libros das recomendacións lectoras así como de libros da propia Biblioteca en familia.

## **5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN, E NO SEU CASO, DE DIFUSIÓN**

Dentro do proceso avaliativo, distinguimos tres momentos:

-Avaliación inicial: na que temos en conta o nivel lector en cada aula e as necesidades que os titores expoñen. Tamén tomaremos datos dos resultados acadados na competencia lingüística do alumnado, nas correspondentes probas realizadas en 4º de Educación Primaria no curso anterior.

- Avaliación continua: realizada nas reunións periódicas do equipo de biblioteca e onde se analizan as necesidades e demandas dos distintos ciclos e se propoñen as melloras a realizar.

- Avaliación final: onse de valora o resultado do Plan Anual partindo de enquisas ao profesorado e alumnado sobre as actividades realizadas e o seu funcionamento e utilidade.

Este Plan de Lectura publicarase na páxina web do centro para que poida ser consultado por calquera membro da comunidade educativa do noso centro.

Monforte de Lemos a 30 de setembro de 2024.